

1. Contexto histórico, cultural e filosófico do autor

1.1. Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración

A Ilustración é un movemento cultural que propón unha nova maneira de entender a natureza e o ser humano. Ocúpase especialmente da relixión, a política, a ciencia e a filosofía.

Ten lugar no século XVIII, ao longo dun período que abrangue desde a Revolución Gloriosa de 1668 en Inglaterra ata a Revolución Francesa de 1789. Entre ambas, Estados Unidos recolle as ideas ilustradas na súa Declaración de Independencia e deixa de ser colonia británica.

É un período de grandes transformacións. A clase que desenvolve o cambio social é a burguesía, que xoga un papel cada vez máis importante na historia.

Por primeira vez aparecen na sociedade individuos que, sen pertenceren ao clero ou á nobreza, están capacitados para participar en reunións, coñecer e debater ideas alleas e crear un pensamento propio. Con todo, os burgueses non teñen privilexios nin dereitos, polo que están en contra do poder absoluto do rei e impulsan a Revolución en Francia, mentres en toda Europa é palpable o desexo de pasar da monarquía ao parlamentarismo, no que existe unha división de poderes regulada pola Constitución e se realizan eleccións libres.

Esta loita por cambiar a mentalidade anterior, na que a monarquía absoluta tiña un control da sociedade case feudal, nace en Inglaterra, desenvólvese en Francia e chega finalmente a Alemaña.

En Inglaterra, a partir da Revolución Gloriosa de 1668, desenvólvese un clima de tolerancia e liberdade que permite unha progresiva secularización da cultura. A filosofía empirista e a súa aplicación ao modo de facer ciencia, con achegas como a física de Newton, conseguen que o coñecemento avance enormemente. O resultado desta actividade incesante por parte dos científicos será a Revolución Industrial a finais do século XVII.

Os intelectuais franceses, que vivían nunha monarquía absoluta fronte ao parlamentarismo inglés, cobizaban a situación social inglesa e o seu clima de tolerancia relixiosa. En Francia a aristocracia e a Igrexa exercían os seus privilexios sobre unha poboación cada vez máis empobrecida, polo que aquí os intereses dos ilustrados non se dirixen tanto cara ao coñecemento como en Inglaterra, senón máis ben á loita por un cambio de ideas que permita variar o réxime político. Por este motivo, o pensamento francés é máis reivindicativo e tamén o máis fecundo e orixinal.

En Alemaña a Ilustración chega un pouco máis tarde, introducida polo rei Federico II, quen tiña a intención de reformar o sistema político e educativo para que as ideas ilustradas de emancipación e autonomía —liberdade e uso da propia razón— chegasen ao pobo, pero sen deixalo intervir á hora de tomar decisións, xa que o modelo de Estado era o despotismo ilustrado.

A defensa dos ideais da Ilustración permitiu a Occidente pasar nun só século da queima de bruxas e a trata de escravos á idea de que todos os homes teñen dereitos. Cesare Beccaria conseguiu difundir este enfoque ilustrado no dereito penal: a pena de morte e a tortura atentan contra os dereitos do home e deben suprimirse. Mary Wollstonecraft esixe que tamén a muller participe do dereito de cidadanía. Sen el, non pode ser independente, posuír bens ou traballar, desempeñando un papel secundario na sociedade que non se debe a unha incapacidade innata, como pensaban outros ilustrados.

1.2. Características da razón ilustrada

Os ilustrados confiaban cegamente na razón, xa que para eles era o único instrumento que podería proporcionar un coñecemento seguro e válido para interpretar o mundo. Resultado de aplicar a razón á experiencia son as ciencias, e pensaban que grazas á súa análise poderían explicar e controlar a natureza. Se a razón se depurase de prexuizos, podería coñecer sen obstáculos e progresar como nunca antes. Por iso os ilustrados loitaron contra todas as ideas preestablecidas: a tradición, a relixión, a superstición.

Por este motivo chamamos ilustrada, en xeral, a calquera época na que se busque un coñecemento baseado nunha actitude crítica e racional, como tamén acontece no caso da Ilustración grega, a época de Pericles na que Sócrates e os sofistas se cuestionaban que eran o ser humano, o coñecemento ou a ética.

O pensamento ilustrado aparece nun momento no que o racionalismo triunfara no continente. O modelo imperante de razón era o cartesiano, unha razón matemática que procedía deductivamente a partir de ideas innatas. Pero a Ilustración tomará como referencias a Locke e Newton, e o resultado será unha razón analítica e experimental.

O método experimental permitía chegar a fórmulas abstractas só despois de traballar con feitos. A Ilustración únese ao empirismo na crítica ao dogmatismo da razón cartesiana, que cre ter a capacidade de coñecerlo todo, e por iso condena os sistemas teóricos que pretenden explicar o universo sen partir da experiencia, senón empregando hipóteses que non se basean en feitos. Exíxese á razón que non sobrepase os límites da experiencia, e Kant estudará estes límites e o seu alcance.

A análise é o mellor instrumento da razón para poder chegar a un coñecemento válido. Hai que deterse ante os feitos que observamos para buscar neles leis que permitan explicalos e así coñecer o mundo.

A razón ilustrada é crítica porque aplica esta análise a todos os campos. Para comezar, a si mesma: todo coñecemento que non parte da sensación é dogmático e refutable. Rexéitanse entón as ideas innatas ou a iluminación divina. Tamén a tradición: a historia ou o pasado non son unha carga que deba soportarse sen criticar os erros e prexuizos que nos impón. Para evitalo debe analizarse a orixe histórica das ideas recibidas e as institucións que as crean: sociedade, Estado, Igrexa, dereito, educación...

A razón debe ser autónoma e liberarse das ideas que lle veñen impostas desde fóra. Ela debe ser a única guía de cada home. O legal debe ser tamén racional: o moralmente aceptable non sempre coincide coa lei e, sobre todo, coa relixión.

Por iso faise fincapé en liberarse da súa tutela. O racionalismo, que empregaba a bondade de Deus para garantir un coñecemento seguro ou que demostraba a súa existencia, extralimítase: o ser humano non necesita máis que o seu intelecto para buscar razóns e explicalas; por tanto, deben secularizarse todas as actividades humanas. Pasouse do teocentrismo ao fisiocentrismo: a razón laica ten fe na natureza e no progreso continuo da historia e da sociedade humana, como veremos a continuación.

1.3. As novas ideas: progreso, educación, humanidade, civilización, natureza

Desde mediados do século XVII ata o XVIII desenvólvese unha revolución do pensamento en Europa. Os antigos valores medievais (teocentrismo, principio de autoridade, a verdade como revelación divina) veranse substituídos polos seguintes:

Educación: expresións como «Ilustración», «Século das Luces» ou «Iluminismo» designan un movemento cultural que loita por levar a luz da razón a todos os homes e sacalos da ignorancia, xa que recibir educación era un privilexio. Con este fin créanse revistas especializadas, dicionarios e a obra máis representativa, a *Enciclopedia*, que buscaba difundir o coñecemento da época en todos os campos.

Progreso: o optimismo ilustrado débese á súa confianza nesta nova humanidade educada na que xa non reina o analfabetismo. Se por primeira vez todos os homes teñen voz, a historia cambiará e poderá apelarse á razón en lugar de á violencia, conformando unha sociedade máis xusta. Xa non se busca a salvación eterna como na Idade Media; a historia non é o designio de Deus, senón o que o ser humano procura: o progreso económico e cultural que fará aumentar o benestar de todos os individuos.

Humanidade: o proceso de secularización cultural afirma un humanismo que defende o valor da razón e a especial dignidade do ser humano fronte ao poder de Deus e da Igrexa medieval. Entón, debe respectarse a dignidade de todos os homes e defendela con dereitos. A reflexión política é fundamental, e *O contrato social*, de Rousseau, ou *O espírito das leis*, de Montesquieu, esixen e posibilitan a democracia e o fin do Antigo Réxime.

Natureza: a ciencia moderna explica as súas leis acudindo á razón e non á Biblia. O materialismo explica o mundo como unha máquina viva sen recorrer a Deus, negando toda forza sobrenatural. O organicismo de Buffon intenta explicar a natureza facendo fincapé no dinamismo dos seres vivos e chega a abrir camiño á teoría celular e ao evolucionismo.

Civilización: a convivencia social xera problemas que poden resolverse mediante a forza e o poder, recorrendo á violencia: a censura, a represión, a tortura, a morte, a guerra... A barbarie é o oposto á civilización, e a Ilustración trata de superala explicando que liberdade e tolerancia son a base da vida social. Debe desaparecer toda práctica que atente contra a

dignidade de calquera home. Estas reivindicacións só son posibles cun poder democrático no que participen todos os cidadáns.

Rousseau, con todo, defende que a civilización crea desigualdade social e que o seu progreso non conduce a mellorar os homes, senón a unha vida artificial, ambiciosa, inmoral e ao desexo de obxectos superfluos. O estado de natureza é o único no que os homes son realmente iguais e felices.

2. Liñas principais do pensamento do autor

2.1. A idea kantiana de Ilustración

O pensamento kantiano artéllase arredor da idea de suxeito. Todo ser humano, polo mero feito de selo, ten dignidade. Esta dignidade é resultado das súas facultades mentais, que o converten nunha persoa única e distinta. Debe usar a súa propia razón para coñecer e xulgar que é bo e xusto para el e para a súa comunidade. Trátase dun individuo libre e autónomo que encarna en si os logros da humanidade.

Kant dicía que servirse da propia razón era o mandato da Ilustración, e detestaba o paternalismo e o principio de autoridade medievais. Neste sentido, critica toda norma que limite a liberdade; o individuo libre é o que se atreve a romper os lazos que o atan aos prexuízos herdados da súa sociedade, da súa cultura, e tamén ás normas que recibimos da tradición, da historia ou da relixión.

O paternalismo da Igrexa e do Estado é perigoso, porque pode obrigar a todos os homes a repetir o que a única vontade do xefe do Estado ou da Igrexa desexa. Segundo Kant, «o que o pobo non pode decidir sobre si mesmo e os seus membros, tampouco pode decidilo o soberano sobre o pobo». O Estado só pode ter unha base racional, respectando a liberdade de todo home, a igualdade de todos ante a lei e a independencia do individuo en canto cidadán que posúe os mesmos dereitos ca os seus semellantes.

Kant cre que a historia avanzou, e a sociedade ilustrada permite por fin liberdade de conciencia. Non hai escusa para quen permanece na heteronomía moral coma se fose menor de idade.

Kant (texto 1)

“Qué é a Ilustración?”

A ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. Sapere aude! Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, velaí a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (naturaliter maiorennes), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se encargaron bondadosamente do seu control.

(...)

Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría de idade case convertida en natureza (...) De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo. KANT;

«Que é a ilustración?» (1784).

TEORÍA DO COÑECEMENTO EN KANT

1.1. A concepción kantiana do coñecemento: síntese entre racionalismo e empirismo

A filosofía kantiana do coñecemento é resultado da análise á que se someteu a filosofía anterior, fusionando doutrinas antagónicas e dando un xiro ás súas conclusións.

O **empirismo** afirma que o único coñecemento válido nace da experiencia sensible e, para a maioría dos seus defensores, tamén acaba nela. Desde **Aristóteles** ata os empiristas do século XVIII, como **Locke** ou **Hume**, hai acordo en que sen os estímulos externos non poderíamos coñecer nada, pois a mente é unha *tabula rasa*.

O **racionalismo**, en cambio, considera que, antes de recibir os datos dos sentidos, na mente está a propia mente, que pode estudarse a si mesma e os seus compoñentes: a razón, o pensamento ou as ideas. A razón é máis fiable que a experiencia ou percepción porque pode comprender verdades universais, abstractas e evidentes. A verdade, a xustiza, as matemáticas... poden coñecerse grazas á razón e non mediante os sentidos. Así pensaban **Parménides**, **Platón** ou **Descartes**, entre outros.

a) Crítica ao racionalismo

Kant comeza a interesarse pola filosofía a través de **Christian Wolff**, quen continúa a tradición metafísica de **Leibniz**, encerrado en ideas abstractas e, polo tanto, inmerso dentro dun mundo racionalista. Pensaba este autor que a intelixencia humana ten unha capacidade ilimitada: pode coñecer todo sen necesidade de acudir á experiencia.

Trátase dun punto de vista **dogmático** porque non examina de que maneira chega a razón a coñecer. O racionalismo extralimitase porque fala de temas sobre os que non posúe experiencia nin dos que pode obter coñecemento.

Pero achega unha idea clave: a razón pode coñecerse a si mesma, e ademais dispón dunha estrutura que dá forma a calquera coñecemento humano; sen ela non sería posible coñecer e, por outra parte, todo o noso coñecemento está tinguido polo seu filtro.

b) Crítica ao empirismo

Tras a lectura de **Hume**, Kant comprendeu o punto de vista empirista sobre a metafísica e a ciencia. Cuestionase se o coñecemento que a metafísica busca será seguro e se se pode conseguir simplemente empregando a razón. Espertou do seu «**soño dogmático**» grazas a Hume, porque lle fixo ver que é necesario analizar coñecementos non demostrables en lugar de dalos por sentado.

O problema radica en que o empirismo considera que a razón só pode coñecer a experiencia sensible. Nin pode pensar sobre si mesma, nin facer abstraccións a partir dos datos dos sentidos. Polo tanto, a metafísica é imposible, e as ciencias, un coñecemento simplemente probable, nin seguro nin necesario.

Kant non está de acordo. O empirismo ensina a dubidar de afirmacións acríicas e verdades dogmáticas, pero conduce ao escepticismo, que non autoriza a dar por certo ningún coñecemento, e é estéril porque non permite que o saber avance.

Como vemos no texto seguinte, Kant non acepta ningunha das dúas posturas, xa que ambas conducen a excesos e atópanse co problema de como obter un coñecemento válido sen dar unha resposta definitiva. A súa é a crítica da razón, que permite fundamentar un coñecemento seguro de modo analítico.

«Así pois, cansados do dogmatismo que nada nos ensina e ademais do escepticismo que nada nos promete, nin sequera o retiro dunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa experiencia, cara a todos aqueles coñecementos que cremos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título de razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, respecto de cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: *é imposible, en xeral, a metafísica?* Esta pregunta, non obstante, non ha ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente, pois agora non damos por boa ningunha, senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal ciencia.

[...] "Crítica da razón" designa aquí o verdadeiro camiño intermedio entre o dogmatismo, que Hume combateu, e o escepticismo que el, pola contra, quixo introducir: un camiño intermedio que non recomenda, tal como fan outros camiños intermedios, determinarse un mesmo de forma, digamos, mecánica, algo dun e algo doutro, que a ninguén lles abren os ollos, senón un camiño tal que se poida determinar exactamente segundo principios.»

(Kant, Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia)

c) O xiro copernicano

O chamado xiro copernicano foi a conclusión de Kant para solucionar o problema de como se produce o coñecemento. Copérnico non era capaz de explicar o movemento dos planetas e o Sol arredor da Terra, así que decidiu mudar o modelo xeocéntrico e colocou no centro o Sol.

A interpretación anterior a Kant mantiña que a persoa que quere coñecer é un suxeito pasivo cuns sentidos que son estimulados polos obxectos externos. Se o suxeito recibe adecuadamente os estímulos que lle ofrece o obxecto, obtén unha representación fidedigna del.

Kant dálle a volta a este esquema. Entende o suxeito que quere coñecer como alguén activo e o obxecto como algo pasivo, como materia prima do coñecemento que espera ser coñecida. A mente humana posúe estruturas que interpretan a realidade para poder coñecela.

d) O idealismo trascendental kantiano

Kant sostén a tese idealista de que non podemos saber como é o mundo en si mesmo, pero fronte ao idealismo defende que podemos coñecer o mundo que os nosos sentidos e a nosa razón nos amosan. Pensa que o mundo existe e que podemos ter un coñecemento certo del.

Kant quiere analizar a razón para saber onde están os seus límites, que podemos coñecer con seguridade e que non, dada a estrutura da mente humana e a do mundo real fóra dela, e eliminar os coñecementos que exceden a súa capacidade e non son válidos. Por iso a súa teoría do coñecemento recibe tamén o nome de **idealismo crítico**.

O idealismo kantiano entende o coñecemento como resultado dunha fusión entre os datos dos sentidos e as estruturas da nosa mente que interpretan estes datos. Se queremos coñecer calquera obxecto, sempre o coñeceremos filtrado polas condicións necesarias para coñecer que ten a mente humana. Non podemos saber como é sen que os sentidos e a intelixencia humana o modifiquen.

Igual que sen luz a nosa vista humana, limitada, non pode ofrecernos unha imaxe das cousas, aínda que podamos totalas, sen as condicións transcendentais do espazo e do tempo a nosa mente non pode coñecer, como veremos máis adiante con detalle. A *Crítica da razón pura* kantiana intentará desentrañar en que consisten tales condicións. A estrutura que a mente posúe e que nos permite coñecer configura a experiencia, creando unha «imaxe» mental da realidade para nós, o que Kant chama **fenómeno**, que é un produto da nosa conciencia, e ademais o único que podemos coñecer, xa que a **cousa en si** —o **nómeno**— é incognoscible para nós. Non obstante, o fenómeno non é unha invención, baséase na experiencia; é o resultado de como a nosa conciencia se relaciona coas cousas que están fóra dela. Polo tanto, o fenómeno non é algo obxectivo, como o nómeno, pero tampouco é algo subxectivo, xa que non é o resultado do meu modo persoal de entender as cousas. Todos os suxeitos humanos posúen esta estrutura mental que fai que coñezamos mediante fenómenos.

Polo tanto, o coñecemento comeza coa experiencia, pero cando alguén comprende os datos dos sentidos faino grazas a algo máis que pon o suxeito: existen estruturas mentais que fan posible o fenómeno e, polo tanto, o coñecemento.

Kant (texto 2)

Crítica da Razón Pura (1787)

De que o noso coñecemento comeza coa experiencia, diso non hai dúbida; pois, por que outro medio ía espertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos, que por unha banda provocan por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa actividade intelectual para comparalas, ligalas ou separalas, transformando deste xeito a materia bruta das impresións sensíbeis en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia? Non hai, pois, na orde do tempo, ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento.

Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da experiencia. Pois ben podería ser que mesmo o noso coñecemento empírico fose un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa propia facultade cognoscitiva (apenas estimulada polas impresións sensíbeis) produce por si mesma, engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación.

Hai, pois, cando menos, unha cuestión necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar cunha primeira ollada: a de se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as impresións dos sentidos. Tal coñecemento

denomínase a priori e distínguese do empírico, o cal ten as súas fontes a posteriori, é dicir, na experiencia.

KANT, Crítica da razón pura (1787). Introducción (I. Da distinción do coñecemento puro e empírico)

e) Tipos de xuízos: os xuízos científicos

Cando Kant estuda como usan a razón as ciencias, dase conta de que este uso é diferente ao que fai a metafísica, que trata de explicar en que consiste a natureza última das substancias que existen.

As ciencias tamén tratan estes temas, pero doutra maneira: empregando *xuízos sintéticos a priori*. Kant pregúntase se a metafísica pode achegar tamén este tipo de xuízos. Un **xuízo** consiste en atribuírle un predicado a un suxeito, de forma que poidamos pensar se é verdadeiro ou falso. Podemos clasificar os xuízos de dous modos, segundo vemos a continuación:

A priori / a posteriori

Estes dous termos permiten diferenciar se un determinado coñecemento se produce antes ou despois de entrar en contacto coa experiencia. Un xuízo ou argumento a priori pode formularse sen necesidade de acudir á realidade empírica: «Os solteiros non están casados». Só temos que usar a nosa razón para saber que é certo, non hai necesidade de saír a comprobar como viven os solteiros no mundo real. Estas afirmacións son certas en virtude do que significan por si mesmas.

Os xuízos a posteriori, pola contra, baséanse na evidencia empírica, dependen da experiencia para poder ser válidos: «Algúns solteiros son felices», «As emisións de CO₂ producen o cambio climático».

Analítico / sintético

Esta diferenza obedece á relación entre suxeito e predicado. Un xuízo é analítico cando o predicado está incluído no concepto do suxeito, pertence ao suxeito e identifícase con el. Se o predicado está contido no suxeito, daquela a proposición analítica é verdadeira.

Trátase, polo tanto, de xuízos que son sempre verdadeiros, ou sexa, **tautoloxías**. Simplemente con analizar o suxeito obtemos esa información, así que son xuízos universais e necesarios, porque non poderían ser doutro modo, pero non proporcionan nova información, son simplemente explicativos: «Algúns europeos son portugueses», «Os ornitorrincos son mamíferos», «Todos os triángulos teñen tres lados».

Un xuízo sintético só pode xustificarse acudindo á experiencia, xa que o predicado non está incluído no suxeito, así que son afirmacións particulares e continxentes que poderían cambiar ou incluso existir sen ser contraditorias: «Todas as criaturas con corazón teñen riles», «O alcohol é nocivo», «Os porcos non súan».

TIPOS DE XUÍZO	Analítico	Sintético
----------------	-----------	-----------

A PRIORI	Tautolóxico, Universal, Necesario. <i>Ex: O triángulo ten tres ángulos</i>	Xuízo propio das ciencias. Universal, Necesario. <i>Ex: $5+7=12$</i>
A POSTERIORI	Non existen, segundo Kant serían autocontraditorios	Empírico, Particular, Continxente. <i>Ex: A auga ferve a 100°C</i>

Todos os xuízos analíticos son a priori, pero no caso dos sintéticos podemos diferenciar entre os **sintéticos a posteriori**, que dependen da experiencia e son continxentes: «Kant naceu en Prusia», e os **xuízos sintéticos a priori**: «Todo ser humano posúe dereitos inalienables», «A liña recta é a distancia máis curta entre dous puntos».

Estes últimos son xuízos nos que suxeito e predicado non coinciden, xa que son sintéticos, pero ao ser a priori non derivan da experiencia, polo que son universais e necesarios. Obtéñense como resultado da síntese entre a materia empírica que proporcionan as impresións sensibles e a nosa estrutura mental, que é racional e innata e que se encarga de ordenar o composto das múltiples impresións cambiantes que reciben os sentidos.

Os xuízos científicos pertencen a esta última clase e permiten ampliar o noso coñecemento de maneira segura. Os xuízos metafísicos tamén son sintéticos a priori; por iso Kant tivo un especial interese na súa análise. Quería saber se a metafísica pode ser unha ciencia ou non.

O interese principal de Kant é saber como coñecemos, ou sexa, cal é a relación entre as nosas facultades sensibles e intelectuais, e como procesamos esa información para transformala en xuízos sintéticos a priori. A *Crítica da razón pura* trata de contestar a estas preguntas.

1.2. A Crítica da razón pura

O tema central da *Crítica da razón pura* é o proceso de coñecemento, describindo cales son as nosas facultades cognoscitivas e como as empregamos. Coñecemos grazas á unión da sensibilidade, o entendemento e a razón. Na obra explícase o funcionamento de cada unha destas tres facultades nos tres apartados principais, chamados *Estética transcendental*, *Analítica transcendental* e *Dialéctica transcendental*.

PARTES DA CRÍTICA DA RAZÓN PURA		FACULTADE COGNOSCITIVA	FORMAS A PRIORI	ANALIZA A VALIDEZ DE
Estética transcendental		Sensibilidade	Espazo e Tempo	Matemáticas
Lóxica transcendental	Analítica transcendental	Entendemento	Categorías	Física

	Dialéctica transcendental	Razón	Ideas	Metafísica
--	------------------------------	-------	-------	------------

Para poder entender mellor o proceso de coñecemento, Kant aplícalle o modelo hilemórfico de Aristóteles: coñecemos grazas á materia que nos proporciona a experiencia e a forma que as estruturas cognoscitivas do suxeito lle imprimen a esa materia.

a) A sensibilidade: espazo e tempo

A Estética transcendental estuda as **formas puras da sensibilidade**. Explica como son a priori —ou sexa puros, sen mesturar cos datos da experiencia— os mecanismos que a mente humana pon en funcionamento para poder percibir os fenómenos.

As formas a priori da sensibilidade son o **espazo** e o **tempo**. Trátase de **intuicións puras**. Isto quere dicir que espazo e tempo non son propiedades das cousas que percibimos, senón que son condicións que necesitamos para poder percibilas.

É posible percibir de dúas maneiras: a sensibilidade externa permite que teñamos representacións no espazo dos obxectos exteriores a nós. Por outra parte, a sensibilidade interna permítenos captar sucesivas intuicións internas, nas que percibimos no tempo os nosos diferentes estados psicolóxicos. Todo aquilo que percibimos os seres está localizado nun punto concreto do espazo e situado nun momento concreto do tempo. O espazo e o tempo son estruturas mentais previas a calquera forma de coñecemento. Podemos imaxinar unha biblioteca chea de libros, pero non un lote de libros que non están nin na biblioteca nin en ningún sitio, e que non vimos en ningún momento pasado nin presente. Simplemente, non tería sentido.

O noso coñecemento sensorial procede da unión da materia prima que chega á sensibilidade, as *impresións sensibles* (que recibimos como **intuicións sensibles**, unha mestura caótica de sensacións) e o elemento formal da sensibilidade, as *intuicións puras do espazo e do tempo*.

Teño un libro diante e podo percibilo como algo concreto. Os fenómenos —no exemplo, o libro que está diante de min— son o resultado da maneira en que os humanos ordenan as súas impresións sensibles. Tamén poderíamos ver papel, cores, letras, ulir a tinta... pero sen relacionar todos estes estímulos como procedentes dunha cousa particular. Nunca relacionaríamos a cor, o volume e a forma que temos diante como características do libro que vemos aínda que o vísemos milleiros de veces, como lle pode pasar a un can ou a un rato, que teñen maneiras diferentes de ordenar as sensacións que reciben.

Kant aplica a súa análise da sensibilidade ás matemáticas: a xeometría estuda o espazo; a aritmética, o tempo. Cando contamos 1, 2, 3... contamos tres momentos sucesivos. Os números son unidades de tempo que se suman, ao igual que en xeometría unha liña é unha adición de puntos.

A matemática é unha ciencia porque formula xuízos sintéticos a priori sobre as intuicións a priori do espazo e do tempo. Son xuízos sintéticos, pois refírense a intuicións, e tamén son a priori, xa que son intuicións puras, sen contido empírico.

b) O entendemento: as categorías

Acabamos de ver na Estética transcendental que mediante intuicións empíricas se produce o fenómeno como resultado de unir o caos de sensacións que recibimos do mundo real e as intuicións puras do espazo e do tempo, que ordenan todas estas impresións.

Os fenómenos son así representacións creadas pola nosa sensibilidade, que o suxeito recibe pasivamente, pero que non pode comprender. Esta é a función do entendemento: *pensar os fenómenos*.

O coñecemento intelectual é resultado da acción do entendemento. O entendemento traballa a partir do produto da sensibilidade, os fenómenos. Este elemento material ordenarase grazas ao elemento formal do entendemento: as categorías ou conceptos puros, que modelarán os fenómenos. As categorías son a estrutura lóxica que o entendemento emprega para coñecer as leis do pensamento.

Para comprender os fenómenos, temos que ser capaces de referilos a un concepto mediante un xuízo. Un xuízo atribúe un suxeito a un predicado (S é P), usando conceptos que unifican e dan significado aos fenómenos.

O concepto é a síntese de todas as representacións que temos dun obxecto. Pero os conceptos non se refiren ao obxecto, senón a unha intuición ou a outro concepto. Por iso dicimos que son mediatos, porque para dar a súa información non se apoian directamente no obxecto que describen, senón noutras fontes. As intuicións si que se refiren directamente ao obxecto, son inmediatas, e por iso non poden pensarse, ao carecer de conceptos. Como vemos no texto: «*Os pensamentos sen contido son baleiros; as intuicións sen conceptos son cegas*». O coñecemento xorde como resultado de unir o contido empírico procedente das intuicións cunha categoría ou concepto empírico que permite comprendelo.

Texto 3

«Se chamamos *sensibilidade* á *receptividade* do noso ánimo (*psique*), para captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a *espontaneidade* do coñecemento, será *entendemento*. Á nosa natureza pertence que a intuición nunca poida ser máis ca *sensible*, é dicir, contén unicamente o modo como somos afectados polos obxectos. Pola contra, a facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o *entendemento*. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separalos coidadosamente e distinguilos entre si. Por iso distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica.

KANT; Crítica da razón pura, (A51/B75-A52/B76) I. (Doutrina trascendental dos elementos), 2ª parte (A lóxica trascendental).

O entendemento une espontaneamente intuicións e conceptos baleiros, puros. O resultado de asignarlles aos *fenómenos* (ou intuicións empíricas) unha *categoría* (ou concepto puro) é o concepto empírico.

Existen dous tipos de conceptos: os que están baleiros de contido empírico, que son as **categorías** ou **conceptos puros**, e os **conceptos empíricos** ou a posteriori, resultado de xeneralizacións sobre os datos da intuición empírica: rosa, vexetal, lapis.

Os *conceptos empíricos* son a imaxe que temos das cousas, xa que non podemos saber o que as cousas son en si mesmas á marxe dunha mente humana que as pense. Só coñecemos o mundo en virtude da nosa sensibilidade e do entendemento. Se non podemos aplicalos, non podemos coñecer, como lles acontece aos cans, que carecen de facultades que lles permitan captar as cores e ven o mundo en branco e negro. Como é o mundo que existe por si mesmo, en lugar da imaxe do mundo que as nosas capacidades nos permiten ver? O **nóumeno**, o que a *cousa é en si mesma*, non é comprensible. *Non podemos pensar sen unir fenómenos e conceptos: coñecer o nóumeno sería pensar sen conceptos, algo imposible. Tampouco podemos obter coñecemento válido sen fenómenos.* Como son as sereas? É un pensamento baleiro, algo que non podemos coñecer, senón só imaxinalo.

O coñecemento científico é unha suma de fenómenos procesados polas estruturas a priori do entendemento: as categorías, que non se poden aplicar ao nóumeno, senón só aos fenómenos.

CRITERIOS	TIPOS DE XUÍZOS	CATEGORÍAS
Cantidade	Universais Particulares Singulares	Totalidade Pluralidade Unidade
Calidade	Afirmativos (A é B) Negativos (A non é B) Indefinidos (A é non B)	Realidade Negación Limitación
Relación	Categoricos Hipotéticos Disxuntivos	Substancia-accidente, Causa-efecto Axente-paciente (reciprocidade)
Modalidade	Problemáticos (Talvez) Asertorios (Así é) Apodícticos (Así debe ser)	Posibilidade-imposibilidade Existencia-non existencia Necesidade-continxencia

As categorías aplícanse aos diferentes fenómenos para ordenar todos os seus datos nun único concepto, e existe unha para cada xuízo lóxico.

As categorías son necesarias para poder comprender os fenómenos. Permiten unificalos e ordenalos de maneiras diferentes. Pero hai algo en común a todas as categorías: a persoa que as pensa. Polo tanto, as categorías ordenan os fenómenos, pero a conciencia do suxeito que as pensa dálles unidade. Trátase dun mesmo «eu», que é quen leva a cabo todo o proceso de coñecemento.

Acabamos de ver que as categorías son as estruturas ou leis do pensamento. Isto supón que o entendemento elabora a priori unhas leis para poder comprender os fenómenos e imponse á natureza, que percibimos tal e como el a modela.

A física, como todas as ciencias, posúe un coñecemento elaborado a partir de xuízos sintéticos a priori. Analiza a natureza grazas a conceptos puros. O concepto *causa*, por exemplo, é crucial para a física, xa que é imprescindible para relacionar os fenómenos que acontecen. Isto quere dicir que o seu obxecto de estudo non é unha suma de fenómenos, senón as conexións que existen entre eles, que son anteriores á experiencia e que tamén determinan a natureza cando a coñece: as leis do pensamento (as regras de uso das categorías) e as leis naturais coinciden.

c) A razón: crítica á metafísica tradicional

Na Analítica transcendental estudamos o funcionamento do entendemento. Este aplica as categorías ou conceptos puros aos fenómenos que veñen da sensibilidade. Mediante xuízos, obtén os conceptos empíricos, a única fonte de coñecemento empírico posible.

Na Dialéctica transcendental Kant explica o funcionamento da razón. O elemento formal ou a priori da razón son as regras do razoamento, que emprega para darlle forma ao seu elemento material. Non obstante, este elemento material non é tal, carece de datos empíricos de calquera clase, pero emprega con este fin as categorías e xuízos do entendemento.

A razón realiza inferencias, relaciona todos os xuízos e todos os conceptos puros do entendemento para sintetizalos ao máximo posible. Un razoamento relaciona dous xuízos para obter unha conclusión que inclúe os dous xuízos de partida, e supéraos. A razón intenta repetir este movemento de síntese ao máximo posible, tratando de relacionar todos os xuízos do entendemento nunha única unidade suprema de coñecemento: a **idea**.

Mediante a relación de conceptos, o entendemento conseguía coñecer os fenómenos. A razón é unha facultade que non se dedica a coñecer, senón a pensar. Pensar é unir xuízos buscando sempre principios de coñecemento cada vez máis universais. Por este camiño, o pensamento busca o máis xeral, a síntese final de todos os fenómenos que o entendemento estruturou en categorías. Así chega aos obxectos de coñecemento máis universais, que son as ideas transcendentais. A razón produce estas tres ideas para unificar todos os fenómenos.

- A **idea de alma** é o resultado de aglutinar todos os fenómenos da mente humana que teñen que ver cos diferentes pensamentos do ser humano cando se pregunta que é o home.
- A **idea de mundo** nace da síntese última de todo o conxunto de fenómenos que teñen que ver coa experiencia externa do ser humano, a natureza.
- A **idea de Deus** é a suma das dúas anteriores, ten que ver coa orixe de todo o que é real e existe de feito e tamén con todo o posible. Deus é a orixe ou causa do ser humano e do mundo.

Estas tres ideas que resultan da actividade da razón son, non obstante, obxectos dos que non podemos ter evidencia empírica. O entendemento carece de conceptos empíricos que teñan que ver con elas; son resultado dunha síntese pura do pensamento, pero a razón cae na *ilusión transcendental* e comete o erro de crer que está unificando fenómenos sobre un obxecto real. Así, estas tres ideas chámanse **ideas transcendentais** por carecer de fundamento empírico, aínda que a razón actúa como se o tivesen.

Daquela chegamos á pregunta que se formulaba Kant desde o principio: é posible a metafísica como ciencia?

Kant busca coñecementos seguros sobre os tres grandes temas da metafísica. Dáse conta de que as ciencias progresan, pero carecemos de coñecementos certos sobre estes temas que xa discutían os gregos, e os metafísicos defenden posicións contrarias sen poder establecer quen está máis preto da verdade.

Para que a metafísica sexa unha ciencia debe satisfacer as dúas condicións que os xuízos das ciencias cumpren e que fan posible o coñecemento científico: *formular xuízos sintéticos a priori sobre as tres ideas transcendentais*.

Os xuízos sintéticos proporcionan datos observables sobre o obxecto que queremos coñecer. Isto significa que o obxecto debe poder ser percibido polo ser humano, algo imposible nos tres casos.

As condicións a priori son as que lle permiten ao suxeito poder entender este obxecto tal e como a mente humana, que é limitada, nos permite coñecer. Alma, mundo e Deus son incognoscibles porque son nómenos. A mente humana non pode estudalos cientificamente porque non podemos coñecer máis que fenómenos.

2.4. O formalismo moral

A *Crítica da razón pura* conclúe que non pode obterse coñecemento empírico sobre as tres ideas transcendentais. Non obstante, o seu uso práctico proporciona coñecemento moral. Neste caso, a razón, en vez de estudar feitos (como son os fenómenos que acontecen no mundo, que se expresan mediante xuízos), estuda como debe actuar o ser humano (como deben ser as súas accións). Este coñecemento exprésase por medio de imperativos ou mandatos: «Atrévete a pensar».

Por outra banda, para Kant é indubidable que posuímos unha conciencia moral innata que nos leva a diferenciar o ben do mal e a emitir xuízos valorativos sobre a conduta propia e allea. Os seres humanos somos libres e podemos elixir como actuar. A súa teoría ética é resultado de explicar e relacionar todos estes conceptos.

En toda acción interveñen simultaneamente razón e vontade. A razón fai ao suxeito consciente dos resultados de actuar ou non facelo, sendo a vontade quen finalmente decide. Por iso, para Kant o papel da razón consiste en conducir a vontade cara ao que se debe facer e, por outra parte, para el o importante non será o resultado dunha acción, senón o motivo polo cal se actúa, o que determina a vontade na acción.

Se a razón determina a vontade, o resultado será unha boa conduta. Se vontade e razón non coinciden, entón tratarase dunha mala conduta. Un acto só é bo cando se realiza conforme ao que a vontade debe facer. Non chega con que sexa conforme ao deber, senón que se debe desexar o que se fai. O respecto ao deber é o primeiro, xa que o moral é máis importante ca o legal: se eu auxilio a alguén ferido simplemente porque teño medo a ser castigado por deixalo só, non actúo ben.

Segundo Kant, ningún fin ou ben supremo debe dirixir a nosa conduta. A vontade de cada individuo debe decidir por si mesma cal é o fin ou ben que considera apropiado; por tanto, é autónoma. A súa boa vontade, que se dá a si mesma a lei moral, é o único fundamento que necesita a súa ética.

Ata esta achega de Kant, as distintas éticas eran materiais: pensaban que o que debía dirixir a conduta eran distintos ideais; buscábase un fin ou ben supremo (a sabedoría, a felicidade, a ataraxia) que non escolle o suxeito, senón que lle é imposto por alguén distinto de si mesmo. Trátase de principios morais heterónomos.

Desde esta perspectiva, só se poden crear mandatos hipotéticos, que son válidos se nos conducen cara a un fin concreto que dirixe toda acción.

Kant rexeita unha moral que se basee en contidos empíricos e *a posteriori* que non sexan establecidos polo propio suxeito. Sería, como vemos no seguinte texto, inmoral.

«A autonomía da vontade é o único principio de todas as leis morais e dos deberes que lles corresponden; pola contra, toda heteronomía do arbitrio non só non funda ningunha obriga, senón que máis ben é contraria ao seu principio e á moralidade da vontade. En efecto, o único principio da moralidade consiste na independencia respecto de toda materia da lei (é dicir, dun obxecto desexado) e, non obstante, ao mesmo tempo na determinación do arbitrio pola soa forma lexislativa universal da que debe ser capaz unha máxima. Mais aquela independencia é liberdade en sentido negativo, mentres que esta lexislación propia da razón pura e, como tal, práctica, é liberdade na súa acepción positiva. Por conseguinte, a lei moral non expresa senón a autonomía da razón práctica pura, é dicir, da liberdade, e esta mesma é a condición formal de todas as máximas, a única baixo a cal poden concordar coa lei práctica suprema.»

(Kant, *Crítica da razón práctica*, parte 1ª, «Doutrina elemental da razón práctica»)

Un imperativo é un principio moral que pode ser subxectivo e propio dunha vontade que non segue o mandato da razón. Neste caso falamos dun imperativo hipotético, que non busca a acción en si mesma, senón que é un medio para lograr outro fin distinto. Neste cálculo de fins e medios debemos ter en conta que o ser humano nunca pode ser un medio, xa que a súa dignidade é un valor supremo que non ten prezo que o faga equivalente a nada.

Texto 5

«En efecto, todos os seres racionais están suxeitos á lei de que cada un deles debe tratarse a si mesmo e tratar a todos os demais nunca como simple medio senón sempre ao mesmo tempo como fin en si mesmo. Entón nace de aquí un enlace sistemático dos seres racionais por leis obxectivas comúns, isto é, un reino que, posto que esas leis se propoñen relacionar a eses seres como fins e medios, ben pode chamarse un reino dos fins, aínda que, desde logo, só como idea.

No reino dos fins todo ten ou ben un prezo, ou ben unha dignidade. O que ten un prezo é aquilo no lugar do cal pode poñerse algo como equivalente; o que, pola contra, está por enriba de todo prezo, non admitindo ningún equivalente, iso ten unha dignidade.»

(Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª sección)

Kant procura unha ética na que a moral poida basearse na razón, en principios morais *a priori* que sexan universais e obxectivos. O imperativo categórico é válido para todos os humanos, xa que son racionais. Este imperativo di como obrar e non que facer. Non ten contido empírico, polo que se limita a expresar cal é a forma que debe ter unha lei moral: actuar da maneira en que nos gustaría que sempre se actuase: «Obra só segundo aquela máxima que poidas querer que se converta, ao mesmo tempo, en lei universal».

Texto 4

«Todos os imperativos mandan, ou ben hipoteticamente, ou ben categoricamente. Aqueles representan a necesidade práctica dunha acción posible como medio de conseguir outra cousa que se quere (ou que é posible que se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción por si mesma como obxectivamente necesaria, sen referencia a ningún outro fin. [...] O imperativo categórico, que, sen referencia a ningún propósito, é dicir, sen ningún outro fin, declara a acción obxectivamente necesaria en si mesma [...] Tal imperativo é categórico. Non se refire á materia da acción nin ao que se ha producir con ela, senón á forma e ao principio que a rexe, e o esencialmente bo de tal acción reside no ánimo de quen a leva a cabo, sexa cal for o éxito obtido. Este imperativo pode chamarse imperativo da moralidade.»

(Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª sección)

a) Os postulados da razón práctica

A *Crítica da razón pura* non permitía á razón falar sobre a existencia da liberdade, Deus e a inmortalidade da alma, xa que son noúmenos: obxectos sobre os que non podemos ter coñecemento. Pero son postulados: expresan as condicións necesarias para que sexa posible unha lei moral, aínda que non poidan demostrarse.

Sen liberdade non existiría a moral: o ser humano é responsable das súas accións porque pode escoller. O fin da moral é facer que razón e vontade coincidan. Como esta tarefa non pode estar condenada ao fracaso, a nosa alma inmortal terá outra vida na que vontade e lei moral poidan ser o mesmo. Deus garante que é posible compaxinar vontade e razón e ser feliz, e tamén é un modelo no que inspirarnos, xa que el mostra que é posible cumprir sempre co deber e acadar a felicidade, dando como resultado a realización feliz da unión razón-vontade.

3. Relación do autor con outras correntes filosóficas e outros autores

Vimos que a grandeza de Kant reside na súa análise crítica do legado filosófico que recibe —racionalismo e empirismo—, facéndoo cristalizar nunha teoría do coñecemento que os sintetiza e supera. Podemos establecer tamén outras relacións:

- **Dereitos humanos:** Kant é o seu primeiro precedente, ao falar da necesidade de crear un dereito universal que conduza á paz mundial e protexa a todas as persoas, á marxe do seu país de nacemento e da súa condición social, facendo respectar a súa dignidade humana.
- **Teoría da xustiza:** corrente actual que procura o reparto dos recursos dunha sociedade do modo máis igualitario, baseándose nas cualidades do ser humano que defende Kant: dignidade, autonomía e imparcialidade.
- **Rousseau:** ao igual que Newton nas ciencias, Kant di que Rousseau foi o primeiro en descubrir, baixo as distintas culturas e condicións de vida, a natureza universal do ser humano e da súa sociedade.
- **Marxismo:** herda a crítica de Kant á metafísica, o que lle permite analizar a economía política de modo científico, e o espírito ilustrado, que o empurra a rebelarse contra unha razón que na sociedade capitalista aliena o ser humano e mantén unha sociedade inxusta. Comparte tamén a visión e a esixencia da dignidade humana de Kant.
- **Idealismo:** a filosofía kantiana explica que o suxeito coñece a través do filtro das súas capacidades mentais. O seu alumno Fichte dá un paso máis e defende que a realidade é unha creación da mente do suxeito. Kant denunciou esta interpretación como unha traizón ao seu pensamento. Hegel levará o idealismo ao seu nivel máis alto.
- **Nietzsche:** entende a razón ilustrada como vontade de poder, unha forza que nos dirixe cara á expansión e ao dominio.
- **Escola de Frankfurt:** recolle a crítica de Nietzsche e fai fincapé na sobrevaloración da razón por parte dos filósofos ilustrados e no seu resultado: o dominio e a cosificación da natureza e doutros seres humanos; é unha razón instrumental.

3.1. Valoración global do pensamento de Kant

O pensamento de Kant marca un punto de inflexión na historia da filosofía. Por unha banda, pon en marcha a revolución copernicana da filosofía moderna ao descubrir o papel do suxeito no acto de coñecer. Movido polos ideais ilustrados, deixa claro que é deber de cada un cumprir con ese papel e iluminarnos, humanizarnos, en lugar de deixarnos levar por instancias externas.

Por outra banda, Kant crea o fundamento de boa parte da filosofía contemporánea. No século XX a súa influencia déixase sentir con forza en múltiples autores e campos do saber, desde a astronomía ata o dereito, pasando pola teoría do coñecemento ou a filosofía da ciencia.